

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

**4667** *Real decreto 451/2020, do 10 de marzo, sobre control e recuperación das fontes radioactivas orfas.*

España dispón, desde hai décadas, dun rigoroso sistema de control regulador para o uso e posesión das fontes radioactivas que se fundamenta no Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, e o Regulamento sobre protección sanitaria contra radiacións ionizantes, aprobado polo Real decreto 783/2001, do 6 de xullo, polos cales se levou a cabo a transposición da Directiva 96/29/Euratom do Consello, do 13 de maio de 1996, pola que se establecen as normas básicas relativas á protección sanitaria dos traballadores e da poboación contra os riscos que resultan das radiacións ionizantes. Non obstante, non se pode descartar a existencia de fontes radioactivas que estean á marxe deste sistema de control, ben porque estas fosen utilizadas antes da implantación do referido sistema de control ben porque proceden doutros países mesturadas con outras mercadorías, como pode ser o caso de materiais metálicos destinados á reciclaxe.

De forma xenérica, coñécese como «fonte orfa» aquela fonte radioactiva que, por calquera motivo, está fóra do control regulamentario e, por tanto, carece de supervisión neste ámbito. Esta fonte radioactiva, que debería ser considerada e xestionada como material radioactivo, ao non estar identificada como tal constitúe un motivo de risco para os traballadores, os membros do público e o ambiente, ao poder provocar accidentes en medios que, en principio, non están preparados para facer fronte a situacións deste tipo.

Adicionalmente ao sistema de control a que se fixo referencia, o Real decreto 229/2006, do 24 de febreiro, sobre o control de fontes radioactivas encapsuladas de alta actividade e fontes orfas, foi a norma que incorporou ao dereito español a Directiva 2003/122/Euratom do Consello, do 22 de decembro de 2003, sobre o control das fontes radioactivas seladas de actividade elevada e das fontes orfas, que tiña como obxectivo evitar a exposición dos traballadores e dos membros do público ás radiacións ionizantes como consecuencia dun control inadecuado das fontes radioactivas encapsuladas de alta actividade e da posible existencia de fontes orfas.

As directivas citadas foron derogadas pola Directiva 2013/59/Euratom do Consello, do 5 de decembro de 2013, pola que se establecen normas de seguranza básicas para a protección contra os perigos derivados da exposición a radiacións ionizantes, e se derrogan as directivas 89/618/Euratom, 90/641/Euratom, 96/29/Euratom, 97/43/Euratom e 2003/122/Euratom.

O presente real decreto ten por obxecto incorporar parcialmente ao noso ordenamento xurídico a referida Directiva 2013/59/Euratom do Consello, do 5 de decembro de 2013, no que se refire ás actuacións que se levarán a cabo para detectar, controlar e xestionar as fontes orfas, e foi desenvolvido de acordo cos principios de boa regulación, conforme o requirido polo artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Atendendo aos principios de necesidade e eficacia, a regulación destas actuacións obedece ao interese xeral e redunda positivamente na protección das persoas e do ambiente contra os riscos derivados das radiacións ionizantes.

En relación coa posible presenza de fontes orfas en materiais metálicos destinados á reciclaxe, cómpre indicar que, en España, co fin de tentar evitar que se poidan producir incidentes como consecuencia da existencia de material radioactivo nos materiais metálicos que se reciclan, en novembro de 1999 foi asinado un «Protocolo de colaboración sobre a vixilancia radiolóxica dos materiais metálicos» entre a Administración española e

os sectores industriais con maior implicación en actividades relacionadas coa reciclaxe de materiais metálicos, ao cal posteriormente se adheriron os sindicatos máis representativos.

Neste protocolo establécese unha serie de compromisos e actuacións que levará a cabo cada unha das partes asinantes e todas aquelas empresas que a el desexen adherirse, co obxecto de, por un lado, garantir a vixilancia radiolóxica dos materiais metálicos, evitando, en último extremo, a eventual fundición de fontes orfas e, por outro, establecer as medidas que se adoptarán para levar a cabo a xestión dos materiais radioactivos que sexan detectados neses materiais metálicos ou que se poidan xerar como consecuencia dun incidente.

Tendo en conta o anterior, pódese dicir que gran parte dos obxectivos que se perseguen coa modificación da Directiva 2003/122/Euratom do Consello, do 22 de decembro de 2003, xa foran adoptados por España coa adopción do referido protocolo, ben que, coa aprobación deste real decreto, algúns dos compromisos asumidos voluntariamente polas partes asinantes dese protocolo se incorporan ao ordenamento xurídico. Non se pretende xerar impactos adicionais, salvo os estritamente necesarios para cumprir coa Directiva 2013/59/Euratom, do 5 de decembro de 2013, actuando así en consecuencia cos principios de proporcionalidade e eficiencia.

A fin de facer fronte ás necesidades anteriores, neste real decreto establécense as medidas, os requisitos de vixilancia e control e os procedementos de actuación, en caso de detección ou procesamento de fontes, que se deberán adoptar nas instalacións destinadas á recuperación, almacenamento ou manipulación de materiais metálicos para reciclar.

Establécese a obrigação de que as ditas instalacións se inscriban nun rexistro habilitado no Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e cumpran uns requisitos de instrumentación, que dependerán do tipo de actividade que se leve a cabo na instalación e da cantidade de materiais metálicos que se procesen anualmente.

Ademais do citado protocolo de novembro de 1999, este real decreto ten en conta a existencia doutros acordos previos relativos á vixilancia, control e procedementos de actuación nas instalacións, lugares ou situacións onde é máis probable que apareza ou se procese este tipo de fontes, como o «Protocolo Megaport», suscrito no ano 2010, co obxecto de establecer as actuacións no caso de se detectar movemento inadvertido ou tráfico ilícito de material radioactivo en portos de interese xeral en España. Neste senso, a seguraza xurídica vese reforzada coa adopción deste real decreto.

Así mesmo, neste real decreto considérase a posibilidade de que as autoridades, organismos e entidades públicas competentes, coa participación do Consello de Seguraza Nuclear, valoren a oportunidade do establecemento doutros protocolos para a vixilancia, control e detección de fontes orfas noutros lugares importantes de tránsito de persoas ou mercadorías, diferentes aos portos marítimos de interese xeral.

Indícanse tamén neste real decreto determinadas actuacións que se levarán a cabo para facer fronte a incidentes ou emerxencias radiolóxicas debidas a fontes orfas, tanto no nivel de autoprotección como no nivel exterior de resposta.

Establécense, ademais, requisitos de información e formación dos traballadores de instalacións onde sexa máis probable a aparición de fontes orfas, así como o mandado de desenvolver programas de sensibilización da poboación e a posibilidade de levar a cabo campañas de recuperación de fontes orfas.

Neste senso, cómpre lembrar que, entre os anos 2007 e 2008, a Administración española, co asesoramento do Consello de Seguraza Nuclear e a participación da Empresa Nacional de Residuos Radiactivos, S.A., S.M.E. (Enresa), levou a cabo unha campaña a escala nacional para a procura, recuperación e xestión de fontes orfas.

Por outra parte, fíxanse tamén os recursos financeiros necesarios para facer fronte á retirada das fontes e a calquera emerxencia radiolóxica provocada por elas.

Na elaboración deste real decreto foron consultados, atendendo ao principio de transparencia, os axentes económicos sectoriais e sociais interesados e as comunidades autónomas, e foi sometido, na súa fase de proxecto, ao trámite de audiencia e información pública, de acordo co disposto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Así mesmo, este real decreto foi elaborado en virtude do artigo 94 da Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear, que autoriza o Goberno «para establecer os regulamentos precisos para a súa aplicación e desenvolvemento», tendo sido proposto polo Consello de Seguranza Nuclear e tendo obtido o informe favorable deste.

Por último, cabe indicar que o proxecto foi comunicado á Comisión da Unión Europea, de acordo co establecido no artigo 33 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica (Euratom).

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.29.<sup>a</sup>, 7.<sup>a</sup>, 23.<sup>a</sup>, 10.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución, polo que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de seguranza pública, lexislación laboral, lexislación básica sobre protección do ambiente, comercio exterior, e bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Identifícanse a seguir os artigos de desenvolvemento básico de dereito interno deste real decreto que, por tanto, non proceden directamente da Directiva 2013/59/Euratom do Consello, do 5 de decembro de 2013: artigos 3, 20 e 21, relativos á competencia na aplicación, as inspeccións e as infraccións dos preceptos establecidos no real decreto, e o artigo 5, relativo ao Protocolo para a colaboración sobre a vixilancia radiolóxica dos materiais metálicos, antes citado.

O proxecto foi incluído no Plan anual normativo 2018 da Administración xeral do Estado.

Na súa virtude, por proposta da ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico; do ministro do Interior; da ministra de Traballo e Economía Social, e do ministro de Sanidade, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública, por suplencia o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación en virtude do Real decreto 351/2019, do 20 de maio, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de marzo de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto evitar ou, ao menos, reducir no posible a exposición dos traballadores e dos membros do público ás radiacións ionizantes e á contaminación do ambiente como consecuencia da existencia de fontes orfas.

2. Sen prexuízo da regulamentación vixente en materia de instalacións nucleares e radioactivas, este real decreto será de aplicación a aqueles lugares e circunstancias en que se poden encontrar fontes orfas, tales como as instalacións destinadas á recuperación, almacenamento ou manipulación de materiais metálicos para reciclar, os portos marítimos de interese xeral ou outros lugares importantes de tránsito de persoas ou mercadorías, as empresas ou persoas que teñan no seu poder fontes que non estean sometidas ao control regulamentario, así como a aquelas outras circunstancias en que se poidan encontrar fontes orfas en calquera lugar por posible abandono, perda, extravío ou roubo.

#### Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto, entenderase por:

- a) Aceiría: instalación dedicada á produción de aceiro mediante reciclaxe ou a partir de gusa ou prerreducidos.
- b) Sarrallo: material con elevado contido en metais férricos ou non férricos susceptible de ser sometido a diferentes operacións para reciclalo.
- c) Empresa adscrita: persoa física ou xurídica que leva a cabo actividades destinadas a recuperar, almacenar, manipular ou procesar materiais metálicos e sarrallo, e que é

usuaria ou xestora de instalacións inscritas no Rexistro de Instalacións de Vixilancia Radiolóxica mencionado no Protocolo de colaboración sobre a vixilancia radiolóxica dos materiais metálicos, subscrito o 2 de novembro de 1999.

d) Espectrómetro: dispositivo destinado a obter espectros de radiación gamma co fin de determinar a presenza e abundancia relativa dos radionúclidos emisores.

e) Exposición dos membros do público: exposición das persoas a radiacións ionizantes, excluída calquera exposición ocupacional ou médica.

f) Fonte en desuso: fonte que deixou de utilizarse, sen que exista xa intención de utilizala na práctica para a cal se concedeu autorización, pero que segue necesitando unha xestión segura.

g) Fonte orfa: fonte radioactiva cuxo nivel de actividade, no momento de ser descuberta, é igual ou superior ao valor de exención establecido nas táboas A e B da Instrución IS/05 do Consello de Seguranza Nuclear, e mencionadas no anexo I do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, e que non estea sometida a control regulador, sexa porque nunca o estivo sexa porque foi abandonada, perdida, extraviada, roubada ou transferida doutro modo sen a debida autorización. Para os efectos deste real decreto, dentro do concepto de fonte orfa inclúese tamén o material radioactivo que non estea sometido ao control regulador polos mesmos motivos que os descritos para as fontes orfas propiamente ditas.

h) Fundición: fabricación de pezas a partir de fundir (derreter e licuar) os metais e introducilos nunha cavidade (baleiramento, moldaxe), chamada molde, onde se solidifican.

i) Instrumentación portátil: calquera instrumento que se pode mover ou transportar con facilidade e que serve para efectuar unha vixilancia radiolóxica. Serve para medir pequenas cantidades de material.

j) Material radioactivo: material que contén substancias radioactivas.

k) Membros do público: persoas que poden estar sometidas a exposición que non sexa ocupacional ou médica.

l) Operador: persoa física ou xurídica que dispón dunha autorización para desenvolver nunha instalación actividades relacionadas coa manipulación, o almacenamento ou o transporte de mercadorías.

m) Pórtico de detección: monitor de radiación que consta de varios detectores de escintilación que se colocan nun arco baixo o cal pasan os vehículos para detectar a presenza de material radioactivo. Serve para realizar a vixilancia radiolóxica de grandes cantidades de material.

n) Sistema de vixilancia e control radiolóxicos: conxunto constituído polos detectores fixos ou portátiles para a detección e medida da radiación, o persoal debidamente cualificado e adestrado para a operación e interpretación dos resultados proporcionados por tales equipamentos e sistemas, e os procedementos operativos para actuar nos casos en que sexa necesario.

ñ) Substancia radioactiva: calquera substancia que contén un ou máis radionúclidos cuxa actividade ou concentración de actividade non se pode considerar desprezable desde o punto de vista da protección radiolóxica.

o) Técnico en protección radiolóxica: persoa debidamente cualificada que forma parte dun servizo ou unidade técnica de protección radiolóxica e que, baixo a dirección do xefe de servizo ou unidade técnica de protección radiolóxica, realiza as actividades propias dese servizo ou unidade.

p) Técnico acreditado en protección radiolóxica: técnico con coñecementos acreditados ou recoñecidos de protección e instrumentación radiolóxica pertencente a unha empresa adscrita ou a unha unidade técnica de protección radiolóxica.

### Artigo 3. *Autoridades competentes.*

A aplicación do previsto neste real decreto corresponde ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, sen prexuízo das competencias específicas doutros

ministerios, das comunidades autónomas, do Consello de Seguranza Nuclear ou doutros organismos das administracións públicas.

## CAPÍTULO II

### **Instalacións destinadas a recuperar, almacenar ou manipular materiais metálicos para reciclar**

#### *Artigo 4. Vixilancia e control radiolóxicos.*

As instalacións destinadas a recuperar, almacenar ou manipular materiais metálicos para reciclar deberán dispor dun sistema documentado de vixilancia e control radiolóxicos.

#### *Artigo 5. Protocolo de colaboración.*

1. Naquelas instalacións adscritas ao Protocolo de colaboración sobre a vixilancia radiolóxica dos materiais metálicos, suscrito o 2 de novembro de 1999, o rexistro das instalacións, a vixilancia e control radiolóxicos e os procedementos de actuación en caso de detección de fontes orfas, de incidentes e emerxencias realizaranse no marco do referido protocolo.

2. As instalacións non adscritas ao citado protocolo deberán cumprir cos requisitos específicos establecidos nos artigos 6, 7, 8, 9, 10, 13 e 14.

#### *Artigo 6. Rexistro de instalacións.*

1. As instalacións a que se refire este capítulo deberán ser declaradas polos seus titulares ante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas mediante a súa inscrición nun rexistro electrónico habilitado na citada dirección xeral. A inscrición deberá ser solicitada polos titulares á citada dirección xeral nun prazo de tres meses após o inicio da súa operación comercial. A inscrición no rexistro terá carácter declarativo.

2. O rexistro deberá conter, ao menos, a seguinte información:

a) Razón social e código de identificación fiscal (CIF) do titular da instalación. No caso de instalacións de xestión de residuos inscritas no Rexistro de Producción e Xestión de Residuos, establecido na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, deberase indicar adicionalmente o número de identificación ambiental (NIA).

b) Memoria descritiva da instalación.

1. Localización.
2. Características básicas da instalación.
3. Descrición dos procesos que desenvolve.
4. Planos de edificios, vías, entradas, etc.
5. Produción media anual aproximada.

c) Descrición do sistema de vixilancia radiolóxica.

1. Instrumentación automática.
2. Instrumentación móbil.
3. Instrumentación para a vixilancia do proceso.

d) Procedementos utilizados para aplicar o sistema de vixilancia e control radiolóxicos.

e) Descrición da área de illamento para o almacenamento temporal do material radioactivo.

f) Contrato ou acordo cunha unidade técnica de protección radiolóxica (UTPR) autorizada polo Consello de Seguranza Nuclear para a prestación de servizos no ámbito de aplicación deste real decreto.

3. Calquera cambio na información anterior deberá ser comunicado á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas no prazo máximo dun mes desde que se produza.

4. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas dará traslado da información relativa a este rexistro ao Consello de Seguranza Nuclear e á Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias.

**Artigo 7. Requisitos de instrumentación por instalación.**

1. Dependendo do tipo de actividade que realicen as instalacións destinadas a recuperar, almacenar ou manipular materiais metálicos para reciclalos, os seus titulares ou xestores deberán instalar, operar e manter un sistema de vixilancia e control radiolóxicos coa seguinte instrumentación como mínimo:

| Tipo de instalación   | Pórtico de detección | Instrumentación portátil | Espectrómetro |
|---|----------------------|--------------------------|---------------|
| Fundición que procese sarrallo de paquete de estampación e outros materiais metálicos procedentes directamente de centros produtivos. |                      | X                        |               |
| Fundición que procese ao ano máis de 10.000 t de sarrallo.  | X                    | X                        | X             |
| Fundición que procese ao ano 10.000 t de sarrallo ou menos.   |                      | X                        |               |
| Aceiría.  | X                    | X                        | X             |
| Empresa con fragmentadoras.   | X                    | X                        |               |
| Empresa con prensas cisallas cuxa forza de corte sexa superior a 500.000 kg.  | X                    | X                        |               |
| Instalación que procese ao ano máis de 100.000 t de sarrallo.   | X                    | X                        |               |
| Instalación que procese ao ano 100.000 t de sarrallo ou menos.  |                      | X                        |               |

2. Aquelas instalacións que procesen ao ano 1.000 t de sarrallo ou menos non estarán obrigadas a dispor de instrumentación de vixilancia e control radiolóxicos, aínda que é recomendable que contén con instrumentación portátil.

**Artigo 8. Actuacións en caso de detección de material radioactivo.**

En caso de detectar a presenza de material radioactivo, o titular ou xestor da instalación onde se produza a detección deberá realizar inmediatamente as seguintes actuacións:

a) Contactar cunha unidade técnica de protección radiolóxica autorizada polo Consello de Seguranza Nuclear para a prestación de servizos no ámbito de aplicación deste real decreto, para realizar unha caracterización radiolóxica en que se indique a actividade do material, así como o isótopo radioactivo que contén.

b) Realizar unha solicitude de transferencia á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas para que autorice a retirada dese material por parte de Enresa conforme os requisitos establecidos no artigo 13. Xunto coa solicitude deberase presentar o informe realizado pola unidade técnica de protección radiolóxica, o cal será avaliado polo Consello de Seguranza Nuclear.

c) Custodiar de forma segura e illar, co fin de protexer os traballadores da instalación, os membros do público e o ambiente, o material detectado até ser retirado por Enresa.



Artigo 9. *Actuacións ante accidentes ou emerxencias radiolóxicas.*

1. En caso de procesamento de fontes radioactivas, deberanse realizar as seguintes accións:

a) O titular ou xestor da instalación deterá toda actividade produtiva involucrada no procesamento da fonte radioactiva, desenvolverá as medidas de autoprotección precisas e informará inmediatamente o Consello de Seguranza Nuclear, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, o órgano competente en materia de protección civil da comunidade autónoma e a delegación ou subdelegación do Goberno.

b) O Consello de Seguranza Nuclear avaliará os datos subministrados pola empresa e informará a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, o órgano competente en materia de protección civil da comunidade autónoma e Enresa acerca das accións urxentes que deberá levar a cabo a instalación a fin de protexer os traballadores da instalación, os membros do público e o ambiente.

c) A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas requirirá á instalación que realice e poña en práctica, precedendo informe do Consello de Seguranza Nuclear, un plan para a limpeza e descontaminación da instalación, o cal deberá estar redactado e executado por unha unidade técnica de protección radiolóxica autorizada polo Consello de Seguranza Nuclear para prestar este servizo e para controlar os traballos asociados, así como referendado polo titular da instalación.

d) Os traballos necesarios para pór en práctica o dito plan serán realizados por persoal exposto e controlados por unha unidade técnica de protección radiolóxica autorizada polo Consello de Seguranza Nuclear para a prestación desta clase de servizos. Non obstante, algúns traballos poderán ser levados a cabo por persoal da propia instalación coa autorización previa do Consello de Seguranza Nuclear.

e) Enresa encargárase da xestión final de todos os residuos radioactivos xerados durante o incidente, sendo de aplicación o previsto no número 9 cuarto da disposición adicional sexta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, declarada vixente pola Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, en relación coa taxa pola prestación de servizos de xestión dos ditos residuos radioactivos.

2. As actividades incluídas no plan para a limpeza e descontaminación da instalación non se poderán dar por finalizadas até que o Consello de Seguranza Nuclear emita un informe favorable á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e esta o comunique ao titular. En ningún caso o titular ou xestor da instalación poderá utilizar, comercializar ou dispor de materiais metálicos contaminados sen a autorización expresa da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, precedendo informe preceptivo do Consello de Seguranza Nuclear.

Artigo 10. *Importacións de metais.*

Nas adquisicións de materiais metálicos semiacabados e sarrallo en países non pertencentes á Unión Europea, a empresa destinataria exixirá á empresa expendedora un certificado en que se indique que ese cargamento pasou por algún tipo de control radiolóxico. Este certificado deberá conter, ao menos, a seguinte información:

a) Identificación da instalación exportadora (nome, enderezo, número de teléfono, outros datos de identificación).

b) Identificación da instalación importadora (nome, enderezo, número de teléfono, outros datos de identificación).

c) Tipo e cantidade de sarrallo ou materiais metálicos semiacabados do envío.

d) Detalles da vixilancia radiolóxica levada a cabo, tales como instrumentos utilizados e lecturas obtidas, distancia entre o equipamento de vixilancia e o material obxecto de inspección.

e) Fondo e niveis de investigación utilizados.

- f) Nome, sinatura e cargo da persoa debidamente capacitada que realizou a vixilancia.
- g) Declaración de que non se descubriu material radioactivo no envío.
- h) Data e lugar da vixilancia radiolóxica efectuada.

## CAPÍTULO III

### Lugares importantes de tránsito

#### Artigo 11. *Portos marítimos de interese xeral.*

As autoridades, organismos e entidades públicas competentes, coa participación do Consello de Seguranza Nuclear, deberán establecer mediante un protocolo de actuación o sistema de vixilancia e control radiolóxicos, así como o proceso de notificación e os procedementos de actuación correspondentes, con obxecto de detectar e controlar os posibles movementos inadvertidos ou os tráxicos ilícitos de fontes orfas en mercadorías dos portos de interese xeral.

#### Artigo 12. *Outros lugares importantes de tránsito de persoas ou mercadorías.*

As autoridades, organismos e entidades públicas competentes, coa participación do Consello de Seguranza Nuclear, deberán valorar a oportunidade e idoneidade do establecemento de protocolos para a vixilancia, control e detección de fontes orfas noutros lugares importantes de tránsito de persoas ou mercadorías diferentes aos portos marítimos de interese xeral, en función do risco de exposición dos membros do público.

## CAPÍTULO IV

### Outras disposicións

#### Artigo 13. *Transferencia de material radioactivo sen titular.*

1. As transferencias de material radioactivo sen titular a Enresa detectadas nas instalacións ou lugares mencionados nos capítulos II e III requirirán autorización da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, precedendo informe do Consello de Seguranza Nuclear.

As solicitudes de transferencia irán acompañadas da seguinte documentación:

- a) Identificación da empresa ou entidade.
- b) Descrición do material ou equipamentos radioactivos.
- c) Procedencia dos materiais ou equipamentos radioactivos.
- d) Localización do lugar de almacenamento seguro do material ou equipamentos radioactivos.
- e) Medios de sinalización e seguranza de que se dispoña para impedir o acceso de persoal non autorizado aos materiais ou equipamentos radioactivos cuxa transferencia se solicita.
- f) Informe realizado pola unidade técnica de protección radiolóxica autorizada polo Consello de Seguranza Nuclear para a prestación de servizos neste ámbito.

2. A transferencia do material radioactivo sen titular que se detecte en espazos públicos será realizada polos concellos responsables, para o cal fornecerán a información aplicable das correspondentes solicitudes co asesoramento de Enresa, quen neste caso exercerá as funcións asignadas ás unidades técnicas de protección radiolóxica.

3. A transferencia do material radioactivo sen titular que se detecte en espazos privados será realizada polo titular do citado espazo privado, para o cal fornecerá a información aplicable da correspondente solicitude co asesoramento de Enresa.



Artigo 14. *Información e formación dos traballadores.*

1. A información e formación da dirección e dos traballadores potencialmente expostos das instalacións a que se refiren os capítulos II e III, por parte dos titulares destas instalacións, efectuarase de acordo co previsto no seu plan de autoprotección, elaborado de acordo co establecido no Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia, ou a norma que o substitúa, que deberá incluír e desenvolver ao menos os seguintes aspectos:

- a) Información acerca da posibilidade de encontrar unha fonte.
- b) Coñecemento e formación sobre os métodos de detección visual das fontes, así como dos seus contedores.
- c) Nocións básicas sobre as radiacións ionizantes, os seus efectos e as medidas de protección contra elas.
- d) Coñecemento e formación sobre as medidas que se deben tomar *in situ* en caso de se detectar ou sospeitar a presenza dunha fonte antes ou despois do seu procesamento na instalación.
- e) Coñecemento e formación sobre a operación e o mantemento da instrumentación de vixilancia e control radiolóxicos dispoñible na instalación.

Naquelas instalacións que non dispoñan de plan de autoprotección, a información e formación deberán estar guiadas polo establecido na referida norma básica de autoprotección e deberán incluír e desenvolver os aspectos anteriormente relacionados.

2. Esta información e formación deberán ser impartidas por técnicos acreditados en protección radiolóxica dos propios titulares ou de unidades técnicas de protección radiolóxica autorizadas polo Consello de Seguranza Nuclear para prestaren servizos de asesoramento en materia de recuperación de fontes orfas.

3. As actividades de información e formación aos traballadores deberán quedar rexistradas e documentadas. Os rexistros e o resto da documentación asociada a esas actividades deberán ser asinados por un técnico en protección radiolóxica ou por un técnico acreditado en protección radiolóxica.

Artigo 15. *Resposta ante emerxencias radiolóxicas.*

As actuacións de resposta que se levarán a cabo para facer fronte a emerxencias radiolóxicas debidas a fontes orfas serán as establecidas, en función do caso, nos plans de autoprotección de cada instalación ou actividade; nos acordos e protocolos referidos nos artigos 5, 11 e 12; as indicadas no artigo 9 e as establecidas nos plans de protección civil fronte a emerxencias radiolóxicas derivados da Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco radiolóxico, aprobada polo Real decreto 1564/2010, do 19 de novembro, que sexan de aplicación.

Artigo 16. *Programa de sensibilización xeral.*

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e o Consello de Seguranza Nuclear proporcionarán nas súas páxinas web información que mellore a sensibilización xeral sobre a posible presenza de fontes orfas e os seus riscos asociados, orientada fundamentalmente a informar a poboación e servizos públicos, tales como corpos e forzas de seguranza, bombeiros, equipos de salvamento e rescate, sanitarios, etc., sobre o modo de proceder e maneira de notificar ás autoridades competentes no caso de aparición de fontes orfas.

Artigo 17. *Actuacións no caso de presenza de fontes orfas.*

Calquera persoa que sospeite da presenza dunha fonte orfa notificará esta situación aos servizos de emerxencia da comunidade autónoma, os cales informarán o Consello de

Seguranza Nuclear, que garantirá a rápida dispoñibilidade de asesoramento e asistencia técnica especializada, cuxo obxectivo primordial será a protección radiolóxica dos traballadores e os membros do público, así como a seguranza da fonte.

**Artigo 18. *Campañas de recuperación de fontes orfas.***

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, co asesoramento do Consello de Seguranza Nuclear, organizará, en caso de que se considere conveniente, campañas de recuperación de fontes orfas que procedan de actividades do pasado.

**Artigo 19. *Recursos financeiros para a xestión de fontes orfas.***

Os custos derivados da xestión das fontes orfas, así como das intervencións para a recuperación destas fontes ou para facer fronte ás emerxencias radiolóxicas provocadas por elas, serán sufragados polo último posuidor da fonte no caso de que este posuidor poida ser identificado; se isto non for posible, os custos serán asumidos polo operador ou, na súa falta, polo titular da instalación en que a fonte foi detectada, excepto no que resulte de aplicación o número 8 da disposición adicional sexta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, declarada vixente pola Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e o que, se for o caso, se estableza nos protocolos a que se fai referencia nos artigos 5, 11 e 12.

**Artigo 20. *Inspeccións.***

1. Todas as actividades e entidades que se mencionan neste real decreto quedarán sometidas ao réxime de inspección que compete ao Consello de Seguranza Nuclear, de acordo co disposto na Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear, sen prexuízo das competencias doutros departamentos e das comunidades autónomas.

O resultado das inspeccións farase constar en acta.

2. De conformidade co seu carácter de axente da autoridade conforme o disposto no artigo 43.1 do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, o persoal facultativo do Consello de Seguranza Nuclear designado para realizar a inspección e verificación das instalacións será considerado como axente da autoridade en todo o relativo ao exercicio do seu cargo.

No exercicio da súa misión, o citado persoal facultativo poderá ir acompañado dos expertos acreditados que considere necesarios e poderá acceder, sen previo aviso e despois de identificarse, ás instalacións obxecto de inspección.

**Artigo 21. *Infraccións e sancións.***

As infraccións dos preceptos contidos neste real decreto serán sancionadas de acordo co establecido no capítulo XIV da Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear.

**Disposición adicional primeira. *Prevención de riscos laborais.***

En materia de protección dos traballadores, serán de aplicación as normas contidas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e a normativa que a desenvolve, sen prexuízo do disposto neste real decreto.

**Disposición adicional segunda. *Protección da saúde.***

En materia de protección da saúde, será de aplicación o establecido na Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogados os artigos 10.2, 11 e 12 do Real decreto 229/2006, do 24 de febreiro, sobre o control de fontes radioactivas encapsuladas de alta actividade e fontes orfas, así como todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 229/2006, do 24 de febreiro, sobre o control de fontes radioactivas encapsuladas de alta actividade e fontes orfas.*

Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 1 do Real decreto 229/2006, do 24 de febreiro, sobre o control de fontes radioactivas encapsuladas de alta actividade e fontes orfas, que quedan redactados nos seguintes termos:

1. Este real decreto ten por obxecto evitar a exposición dos traballadores e dos membros do público ás radiacións ionizantes, e a contaminación do ambiente, como consecuencia dun control inadecuado das fontes radioactivas encapsuladas de alta actividade.

2. Este real decreto aplícase ás fontes de alta actividade definidas no artigo 2. Considéranse excluídas do seu ámbito de aplicación aquelas fontes cuxa actividade diminuíse até un nivel inferior aos valores de exención establecidos nas táboas A e B do anexo I do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, e na Instrución IS/05 do Consello de Seguranza Nuclear.

Disposición derradeira segunda. *Referencia ao Real decreto 229/2006, do 24 de febreiro, sobre o control de fontes radioactivas encapsuladas de alta actividade e fontes orfas, na Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética.*

A referencia ao artigo 11.2 do Real decreto 229/2006, do 24 de febreiro, sobre o control de fontes radioactivas encapsuladas de alta actividade e fontes orfas, artigo derogado neste real decreto, que se fai no artigo 20 da Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, entenderase feita ao artigo 5 deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1. 29.<sup>a</sup>, 7.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución, polo que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de seguranza pública, lexislación laboral e lexislación básica sobre protección do ambiente, respectivamente.

Adicionalmente, o artigo 10 dítase ao abeiro do artigo 149.1.10.<sup>a</sup> da Constitución, polo que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior, e a disposición adicional segunda dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, polo que se atribúe o Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira cuarta. *Incorporación de dereito comunitario da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpóranse ao dereito español os artigos 4.21), 4.60), 4.76), 4.78), 16, 92, 93, 94 e 95, e os artigos 1 e 2 no relativo ás fontes orfas, da Directiva 2013/59/Euratom do Consello, do 5 de decembro de 2013, pola que se establecen normas de seguranza básicas para a protección contra os perigos derivados da exposición a radiacións ionizantes, e se derrogan as directivas 89/618/Euratom, 90/641/Euratom, 96/29/Euratom, 97/43/Euratom e 2003/122/Euratom.

Disposición derradeira quinta. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario e de aplicación.*

1. Os titulares dos ministerios para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico; do Interior; de Sanidade; de Traballo e Economía Social; e de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, no ámbito das súas competencias, poderán ditar as disposicións oportunas para o desenvolvemento e aplicación do establecido neste real decreto.

2. O Consello de Seguranza Nuclear, no ámbito das súas competencias, poderá ditar instrucións, circulares e guías ou normas técnicas para facilitar a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de marzo de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,

CARMEN CALVO POYATO